

Categorías	Nivel	Soldo base	Comp. empresa	Salario	
				Diario	Anual
Oficial 3ª	A	29,42 €	4,58 €	34,00 €	14.450,00 €
	B	29,42 €	2,97 €	32,39 €	13.765,75 €
	C	29,42 €	1,73 €	31,15 €	13.238,75 €
	D	28,42 €	1,91 €	30,33 €	12.890,25 €

Táboas salariais administrativos 2004

Categoría	Nivel	Soldo base	Comp. empresa	Salario	
				Mensual	Anual
Oficial 1ª	A	973,06 €	363,09 €	1.336,15 €	18.706,10 €
	B	973,06 €	246,07 €	1.219,13 €	17.067,82 €
	C	973,06 €	106,94 €	1.080,00 €	15.120,00 €
Oficial 2ª	A	929,06 €	70,94 €	1.000,00 €	14.000,00 €
	B	929,06 €	50,94 €	980,00 €	13.720,00 €
Auxiliar admvo.	A	882,47 €	53,53 €	936,00 €	13.104,00 €

CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA

Resolución do 15 de febreiro de 2005 pola que se convoca un curso de especialización contra incendios-II.

Dentro do programa de actividades que o Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia ten previsto realizar no ano 2005, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, anúnciase a celebración dun curso de especialización Contra incendios-II, que se desenvolverá en colaboración co Centro de Instrución de Seguridade Interior da Armada, conforme as seguintes bases:

Primeira.-Obxectivos.

Conseguir no colectivo de voluntarios de protección civil, persoal cunha preparación especializada na loita contra os incendios, que facilite a formación de seccións que poidan actuar con garantía e seguridade nas tarefas que teñan encomendada dentro das AVPC.

Segunda.-Destinatarios.

Os cursos van dirixidos aos membros das agrupacións de voluntarios de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, que previamente superasen o curso de especialización Contra Incendios-I, realizado no Centro de Instrución de Seguridade Interior da Armada, sito en Ferrol.

Terceira.-Desenvolvemento.

1. Prazas: o número de prazas ofertadas para este curso é de 20.

2. Duración e data: o curso terá lugar do 25 ao 29 de abril, ambos inclusive en horario de 8.30 a 14.00 horas e cunha duración de 25 horas lectivas.

3. Lugar: Centro de Instrución de Seguridade Interior da Armada, Avda. das Telleiras s/n, Ferrol (A Coruña).

Cuarta.-Solicitudes e prazo de inscrición.

1. A inscrición dos participantes é totalmente grauíta.

2. O persoal que desexe participar nestes cursos deberá presentar, cuberta á máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

3. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 8 de abril de 2005.

4. As instancias deberán vir asinadas polo xefe do organismo ao que estea adscrito e seladas, este será requisito indispensable para ser admitido no curso.

5. As instancias deberán enviarse por correo á sede do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia a: Avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada ou fax nº 986 59 09 88 ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. Os seleccionados deberán presentar, antes do inicio do curso, un certificado médico de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das prácticas con lume real.

Quinta.-Contido.

O contido do curso de especialización Contra incendios divídese en dúas partes:

Teórica:

-Extintores portátiles de auga, CO2 e po seco. Incendios de grandes proporcións. Efecto BLEVE. Lume a distinto nivel.

-Cámara termovisualizadora ARGUS. Materiais e equipamentos empregados na extinción con auga.

-Escumas extintoras. Clasificación e utilización.

-Equipamentos detectores de gases. Explosímetro, Combiwarn C. Multiwarn.

Práctica:

-Movemento básico de mangueras. Técnicas de aproximación e extinción do lume. Lume exterior.

-Extinción de incendios con extintores portátiles.

-Extinción de incendios en exteriores con reparadores de caudal variable, conos oco e cheo.

-Equipamentos xeradores de escumas.

-Extinción de lumes con escumas.

-Risco durante os incendios. Precaucións de seguridade Adestrador C.I. Extinción de incendios combinados en Adestrador de C.I.

Sexta.-Relación de admitidos.

A relación de participantes admitidos para a realización do curso esporase no taboleiro de anuncios do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, sen prexuízo da oportuna notificación aos seleccionados con antelación á celebración do curso. Tamén poden confirmar a súa admisión chamando ao teléfono 986 59 00 21.

Sétima.-Asistencia.

É obrigatoria a asistencia e puntualidade en todas as actividades do curso. A falta de asistencia, mesmo cando sexa xustificada, a máis dun 10% das horas lectivas programadas determinará a cualificación de non apto no curso.

Oitava.-Certificado de aproveitamento.

Ao remate do curso entregaráselles un certificado de asistencia e aproveitamento a aquelas persoas que acrediten a súa asistencia continuada e superen as correspondentes probas de coñecementos.

Novena.-Modificacións.

O Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia poderá modificar o desenvolvemento dos cursos para adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 15 de febreiro de 2005.

P.A. (Decreto 23/1993, do 11 febreiro)
Montserrat Bolívar Chinchilla
Secretaría xeral do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia

ANEXO	
CURSO: CONTRA INCENDIOS-II	
Resolución: 15 de febreiro de 2005	
1. SOLICITANTE	
Apelidos:	Nome: DNI:
Data de nacemento:	Teléfono/s de contacto: Fax:
Enderezo particular:	
Rúa:	Concello: Provincia:
2. DATOS PROFESIONAIS	
Agrupación/Concello/Entidade:	
Categoría ou posto desempeñado:	
Titulación académica:	
Cursos realizados do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia:	
Curso:	Ano: Curso: Ano:
Curso:	Ano: Curso: Ano:
Curso:	Ano: Curso: Ano:
3.- OUTROS DATOS REQUERIDOS POLA CONVOCATORIA:	
Certificado médico de acordo coa base cuarta punto 6 desta convocatoria.	
5. DECLARACIÓN	
Declaro, pola miña honra:	
Que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude e que cumpro cos requisitos exixidos na convocatoria, das cales xunto fotocopias.	
..... de de 200.....	
Sinatura do/da solicitante:	
4.- CERTIFICADO DO RESPONSABLE DE PERSOAL:	
Certifico que a persoa solicitante pertence a esta entidade e desempeña o cargo mencionado:	
Sinatura do responsable de persoal e selo da entidade,	
Lugar e data:	Asdo:
6. SELECCIÓN	
Vista a solicitude presentada polo/la interesado/a, o Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, resolveu	
☐ seleccionalo/a ☐ non seleccionalo/a Sinatura e selo do órgano seleccionador:	
Lugar e data:	Asdo:

Director xeral do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 24 de febreiro de 2005, do tribunal designado para vulgar o proceso selectivo para o acceso ao corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), convocado pola Orde do 27 de maio de 2004 pola que se fai pública a data, a hora e o lugar do inicio do proceso de lectura do segundo exercicio da fase de oposición.

En sesión que tivo lugar o día 24 de febreiro de 2005, o tribunal designado pola Orde do 16 de

novembro de 2004 e modificacións posteriores, para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, adoptou o seguinte acordo:

1. Iniciar o proceso de lectura do segundo exercicio da fase de oposición o vindeiro día 2 de marzo de 2005 ás 17.00 horas. O chamamento será único e realizarase por orde alfabética empezando pola letra D. Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

2. O lugar de celebración das lecturas será a sala de xuntas do Instituto Galego da Vivenda e Solo (polígono das Fontiñas, Área Central, s/n-5ª planta, Santiago de Compostela).